



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 16.11.2016**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 16.11.2016

HORA DE COMEZO: 12:10 h.

HORA DE REMATE: 13:15 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D^a. Gloria M^a Pena Uris

D. José M^a Franco García

D^a. Marta Iglesias Bueno

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo

D. César Blanco Gómez

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Carlos Mollinedo Lois

D^a. Mercedes Castro Mouzo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O mércores, día 16 de novembro de 2016, ás 12:10 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13.10.2016).
2. Informe do presidente.
 - a) Resumo das iniciativas promovidas ou apoiadas pola Comisión ao longo do ano 2016.
3. Aprobación, se procede, da modificacións dos puntos 5 e 6 das normas que regulan as axudas do Consello Social.
4. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización da "I Feira de emprego xurídico de Galicia-Norte de Portugal", promovida dende a Facultade de Dereito, do Campus de Ourense.
5. Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada por AEMPE para a organización, en Pontevedra, dunhas xornadas técnicas para difundir a oferta formativa existente.
6. Aprobación, se procede, da Memoria de actividades do Consello Social correspondente a 2015, e a súa edición.
7. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes, e xustifica a ausencia de dona Mercedes Castro e don Carlos Mollinedo.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13.10.2016).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

- a) *Resumo das iniciativas promovidas ou apoiadas pola Comisión ao longo do ano 2016.*

Os asistentes reciben un resumo das axudas concedidas pola Comisión ao longo de 2016, por un importe global superior aos 191 mil euros.

- ***A Comisión dáse por informada.***

PUNTO 3

Aprobación, se procede, da modificacións dos puntos 5 e 6 das normas que regulan as axudas do Consello Social.

A Comisión acorda abrir vías que posibiliten seguir apoiando iniciativas que superen as seis edicións de patrocinio do Consello Social, opción que as actuais normas non permiten, así como reservar a decisión de aplicar ás axudas aprobadas unha redución do 20% respecto á cantidade concedida na edición anterior. Os membros entenden que hai casos de indubidable transcendencia e manifesto interese, que poderán ser admitidos excepcionalmente cando se xustifiquen con argumentación suficiente. Os puntos afectados, quedarán redactados do seguinte xeito:



6. Quedan excluídas destas axudas as correspondentes a títulos propios e outros cursos da Universidade de Vigo, ou aquelas que sexan susceptibles de acollerse á convocatoria de Prácticums que promove o Consello Social entre os centros.
 7. Con carácter xeral, ás axudas que se concedan a unha mesma iniciativa aplicaráselle en sucesivas edicións unha redución do 20 % respecto á axuda concedida na anterior edición. Así mesmo, con carácter xeral, serán rexeitadas as iniciativas que superen as seis edicións consecutivas de patrocinio continuado (total ou parcial) do Consello Social.
 8. As limitacións impostas no apartado 7 poderán ser consideradas, con carácter excepcional, cando os membros presentes na reunión, de xeito expreso e fundamentado, consideren que se trata dunha iniciativa de especial interese e relevancia para a Universidade de Vigo.
- ***A Comisión dá a súa conformidade.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización da "I Feira de emprego xurídico de Galicia-Norte de Portugal", promovida dende a Facultade de Dereito, do Campus de Ourense.

Explica don Ernesto Pedrosa que a Facultade de Dereito organiza a primeira iniciativa deste tipo que, no eido xurídico, se desenvolve en Galicia, para facilitar oportunidades de emprego ao alumnado da área xeográfica que comprende Galicia e o norte de Portugal, para mellorar a calidade do emprego dos titulados en áreas xurídicas, e para achegar a Facultade á sociedade da contorna. Contará con mesas redondas, expositores e obradoiros, intervencións de profesionais, intercambio de experiencias e stands de despachos e empresas que faciliten o contacto real con estudantes. Revisada a documentación, e despois de dar conta dona Gloria Pena de que o equipo de goberno da Universidade de Vigo está a traballar na centralización das actividades que se organizan dende os centros, así como da axuda correspondente, da que dará conta no seu momento ao Consello Social aos efectos oportunos, a Comisión ACORDA

- ***Aprobar unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada por AEMPE para a organización, en Pontevedra, dunhas xornadas técnicas para difundir a oferta formativa existente.

Resume o presidente este punto comunicando que a Asociación de empresarios de pequena e mediana empresa de Pontevedra, prepara unhas Xornadas técnicas abertas, para difundir a oferta formativa da zona e aproveitar o talento universitario. Están previstas na Casa das Campás, e teñen como obxectivo que empresas e estudantes acaden un contacto directo. Os actos desenvolveranse mediante conferencias que abarcarán aspectos como a necesidade de innovar nas pymes, a integración da universidade no mundo da empresa, as axudas para empresas e universitarios emprendedores ou talleres de emprendedores (para universitarios e público en xeral). Feitas distintas consideracións sobre a iniciativa e a organización por parte dos presentes, a Comisión ACORDA

- ***Conceder unha axuda por unha contía máxima de 4.000 €.***



PUNTO 6

Aprobación, se procede, da Memoria de actividades do Consello Social correspondente a 2015, e a súa edición.

O presidente faia diferentes valoracións sobre o contido da memoria entregado aos membros, e afirma que recolle o abundante traballo feito. Así mesmo anticipa que se renovará o deseño nesta edición.

- *A Comisión dá a súa aprobación.*

PUNTO 7

Rogos e preguntas.

A secretaria xeral da Universidade de Vigo presenta un balance da *Feira conxunta Vigo-Oporto do emprego universitario*, celebrada durante dúas xornadas en Vigo e outras dúas en Oporto, impulsada por estas universidades e a de Tras-Os-Montes e Alto Douro. Dona Gloria Pena sinala, entre outros logros deste proxecto de cooperación interuniversitaria en empregabilidade Galicia-Norte de Portugal pioneiro en Europa, que congregou a máis de 5.000 estudantes, a maioría egresados e con dominio do inglés, e 120 empresas e institucións que na primeira xornada tiñan recibido xa cerca de mil currículos, tramitados mediante un áxil e novidoso sistema informático programado para evitar colas e concentracións dos asistentes. Cualifica de exitosa esta primeira e dobre experiencia da feira presencial, pola actividade xerada e porque aportou ademais valiosos datos para configurar, dunha parte, o perfil formativo e as aspiracións dos egresados; e doutra, os perfís e habilidades demandadas polas empresas.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 16 de novembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias